

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

11674 *REAL DECRETO 698/2007, do 1 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 142/2002, do 1 de febreiro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos distintos de colorantes e edulcorantes para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización.* («BOE» 142, do 14-6-2007.)

A Directiva 95/2/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de febreiro de 1995, relativa aos aditivos alimentarios distintos dos colorantes e edulcorantes, e as súas sucesivas modificacións, incorporáronse ao ordenamento xurídico español mediante varios reais decretos que, posteriormente, foron refundidos no Real decreto 142/2002, do 1 de febreiro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos distintos de colorantes e edulcorantes para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización, cuxa última modificación se realizou polo Real decreto 2196/2004, do 25 de novembro.

Mediante este real decreto recóllese unha petición do sector de turróns e mazapáns, razoable e xustificada, que ten por obxecto un incremento nas doses máximas permitidas de ácido sórbico e sorbatos, benzoatos e PHB para permitir que todos os turróns e mazapáns, incluídos aqueles cunha actividade de auga superior a 0,65, se encontren en consonancia co nivel máximo permitido na Directiva 95/2/CE para os produtos de confeitaría, o que supón a modificación do anexo III do Real decreto 142/2002, do 1 de febreiro.

Na súa tramitación foron oídos os sectores afectados e emitiu informe preceptivo a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de xuño,

DISPÓÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 142/2002, do 1 de febreiro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos distintos de colorantes e edulcorantes para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización.*

A sección correspondente a «turróns e mazapáns» do anexo III do Real decreto 142/2002, do 1 de febreiro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos distintos de colorantes e edulcorantes para uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización, queda redactada do seguinte modo:

«Produtos alimenticios	Aditivos	Dose máxima — mg/kg
<i>Turróns e mazapáns</i>		
Turróns e mazapáns	Sa + Ba + PHB E-310 a E-312 E-320	1.500 (máx. 300 PHB) 200 (galatos e BHA, sos ou en combinación) e expresados sobre a graxa»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de xuño de 2007.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Sanidade e Consumo,

ELENA SALGADO MÉNDEZ

MINISTERIO DE EDUCACIÓN E CIENCIA

12008 *REAL DECRETO 693/2007, do 1 de xuño, polo que se establece un novo prazo para a eventual adscrición dos centros de ensinanza especializada de turismo a unha universidade.* («BOE» 146, do 19-6-2007.)

Os estudos superiores de turismo foron incorporados á universidade en virtude do Real decreto 259/1996, do 16 de febreiro. A dita norma estableceu, na súa disposición transitoria quinta, a posibilidade de que os centros de ensinanza especializada de turismo se puidesen adscribir a unha universidade con anterioridade á data do 1 de outubro do ano 2001.

Posteriormente, o Real decreto 1795/1999, do 26 de novembro, polo que se modificou parcialmente o mencionado Real decreto 259/1996, do 16 de febreiro, na súa disposición adicional única, determinou que as comunidades autónomas puidesen ampliar o prazo previsto inicialmente ata o 1 de outubro de 2004.

Máis adiante, ante a proximidade da finalización do prazo sinalado sen se producir a adscrición a unha universidade de todos os centros de ensinanza especializada en turismo, considerouse necesario amplialo en dous anos máis. Así, mediante o Real decreto 1779/2004, do 30 de xullo, ampliouse o prazo ata o 1 de outubro de 2006.

Non obstante, actualmente evidenciouse que este novo prazo previsto para culminar o proceso de adscrición ou integración na universidade dos centros de ensinanza especializada en turismo resultou insuficiente. Así, na actualidade, aínda quedan catorce centros de ensinanza especializada en turismo que non se adscribiron nin se integraron nunha universidade.

Polo tanto, dado que é preciso darlles unha solución tanto aos referidos centros como aos alumnos matriculados neles, considérase conveniente establecer un novo prazo para permitir o horizonte temporal necesario para que os citados centros regularicen a súa situación e os alumnos dos ditos centros poidan concluír os seus estudos.

Na elaboración deste real decreto emitiron informe o Consello de Coordinación Universitaria e o Ministerio de Administracións Públicas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación e Ciencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de xuño de 2007,